

Acta da Comisión Permanente do día 20 de xullo de 2022

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 20/07/2022
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 20/07/2022
- III. Solicitudes de recoñecemento de créditos
- IV. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Subdirectora de Planificación e Organización Académica, Dona María Araújo Fernández, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 22 de xuño de 2022.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior.

2. **Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

A Presidenta cede a palabra a M. Carmen Romo, quen comenta as solicitudes de recoñecementos achegadas: unha solicitude de admisión no GEE por recoñecemento de máis de 30 ECTS de GERME e unha solicitude de recoñecemento dunha materia de 6 ECTS por dúas materias de 6 ECTS cursadas noutra titulación.

Apróbanse por asentimento ambas solicitudes.

Tamén comenta unha solicitude achegada pola área Académica de Grao en relación á xestión das solicitudes de matrícula a tempo parcial. O novo procedemento de cambio no réxime de permanencia de matrícula (solicitudes de matrícula a tempo parcial) nas titulacións de grao para o curso académico 2022/2023, establece que *o prazo máximo para resolver será dun mes, contados a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude*. Para non ter que solicitar a convocatoria da Comisión Permanente cada vez que se presente unha solicitude, ao marcar cada unha delas o prazo máximo para resolver, propónse o seguinte:

“Delegar na Área de Estudos de Grao da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a AUTORIZACIÓN daquelas solicitudes de matrícula a tempo parcial que cumpran os requisitos establecidos na normativa vixente, sen que estas teñan que ser sometidas á Comisión Permanente desta Escola. Aquelas solicitudes que contemplan situacións non recollidas na normativa, nin cumpran os requisitos establecidos nela, serán resoltas por esta Comisión”.

A Comisión Permanente aproba a proposta por asentimento.

A Presidenta sinala un erro detectado nos horarios do terceiro curso do GEE. Para emendar o erro, propón unha modificación do horario que afecta a dúas materias. Indica que o horario definitivo se difundirá por email, se publicará na web do centro e que a modificación terá que ser ratificada na próxima sesión da Xunta de Escola.

Apróbese a modificación por asentimento.

3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.

A Presidenta indica que se achegaron 8 solicitudes (3 do GERME e 5 do GEE) e que todas cumpren os requisitos pedidos (excepto unha que está pendente do peche dunha acta pero a cualificación provisional é de aprobado). Comenta a proposta de organización de sesións e tribunais para o 26 de xullo (ANEXO IV) e sinala que todos os seus compoñentes están confirmados.

Apróbese por asentimento a proposta de configuración dos tribunais.

4. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 13 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte de xullo de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace
A Presidenta

María Araújo Fernández

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 20/07/2022

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 20/07/2022

| Asistentes á Comisión Permanente do 20 de xullo de 2022 |
|--|
| Presidenta da Comisión |
| María Araújo Fernández |
| Secretario da Comisión |
| Guillermo García Lomba |
| Subdirector/a |
| José Santiago Pozo Antonio |
| Profesorado |
| Pablo Eguía Oller |
| Alfonso Mandado Vázquez |
| M ^a del Carmen Pérez Pérez |
| Estudantes |
| Alejandro Casal Barreiro |
| Santiago Domínguez Blanco |
| PAS |
| M ^a Carmen Romo Pérez |

Desculpan a súa ausencia Fernando García Bastante e Teresa Rivas Brea.

ANEXO III

Solicitudes de recoñecemento de créditos

ANEXO IV

**Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados
nesta vindeira convocatoria**